



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 29 DE DECEMBRO DE 2016.**

### **ASISTENTES:**

#### **PRESIDENTA:**

Abal Roma, Fátima (P.S.deG.-PSOE)

#### **CONCELLEIROS:**

Abal Varela, José Ramón (Cambados PODE)

Caamaño Rivas, Víctor Manuel (B.N.G.)

Cacabelos Domínguez, María Josefa (B.N.G.)

Charlín Trigo, Xurxo (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados)

Cordal Rodríguez, Constantino (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados).

Martínez Piñeiro, Milagros (P.S.deG.-PSOE)

Pérez Osorio, Miguel (P.S.deG.-PSOE)

Prado Cores, María Teresa (B.N.G.)

#### **NON ASISTEN:**

Aragunde Aragunde, Luis (P.P.)

Brea Troncoso, Mónica (P.P.)

Gómez Blanco, Juan Ramiro (P.P.)

Iglesias Pombo, Antonio Joaquín (P.P.)

Oubiña Santos, Ana Isabel (P.P.)

Pomares Botana, Eulogio (P.P.)

Serantes González, Luis Alberto (P.P.)

Varela Piñeiro, María Isabel (P.P.)

#### **SECRETARIO XERAL**

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte e unha horas e dous minutos, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

### **I PARTE RESOLUTIVA**

**1º.- CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA SE  
PROCEDE DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO  
SERVIZO DE SUMIDOIROS.**



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que hoxe se celebrou a comisión informativa de facenda e patrimonio e dado que a alegación presentada foi retirada e que o asunto non foi ditaminado, enténdese que queda elevado a aprobación definitiva automaticamente o acordo adoptado inicalmente tal e como sinala o artigo 17 do RDL 2/2004, Reguladora das Facendas Locais.

Así pois sométese á ratificación deste asunto na inclusión da orde do día sendo rexeitado por unanimidade dos membros presentes (9). En consecuencia queda eliminado da orde do día.

## **II PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO**

2º.- Aprobación se procede do acordo do Goberno en defensa das persoas autónomas e das pequenas empresas.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen explica o contido da moción comentado a exposición de motivos e da lectura á parte dispositiva, a moción é a seguinte:

### **"MOCIÓN EN DEFENSA DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E DAS PEQUENAS EMPRESAS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O recentemente aprobado Real Decreto-Lei 3/2016, de 2 de decembro, polo que se adoptan medidas no ámbito tributario dirixidas á consolidación das finanzas públicas e outras medidas urxentes en materia social, establece á eliminación da posibilidade de adiamento ou fraccionamento de determinadas obrigacións tributarias. Neste sentido, suprímese a excepción normativa que abría a posibilidade de adiamento ou fraccionamento das retencións e ingresos a conta. Por outra banda, elimínase a posibilidade de adiamento ou fraccionamento das obrigacións tributarias que deba cumprir o obrigado a realizar pagos fraccionados do Imposto sobre Sociedades. Así mesmo, tampouco poderán ser obxecto de adiamento ou fraccionamento as liquidacións tributarias confirmadas total ou parcialmente en virtude de resolución firme cando previamente sexan suspendidas durante a tramitación do correspondente recurso ou reclamación en sé administrativa ou xudicial. Ademais, elimínase a posibilidade de adiamento ou fraccionamento dos tributos repercutidos, dado que o efectivo pago de devanditos tributos polo obrigado a soportalos implica a entrada de liquidez no suxeito que repercute.

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

*«Non poderán ser obxecto de adiamento ou fraccionamento as seguintes débedas tributarias:*

*a) Aquelas cuxa exacción realícese por medio de efectos timbrados.*



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

*b) As correspondentes a obrigacións tributarias que deban cumprir o retenedor ou o obrigado a realizar ingresos a conta.*

*c) En caso de concurso do obrigado tributario, as que, de acordo coa lexislación concursal, teñan a consideración de créditos contra a masa.*

*d) As resultantes da execución de decisións de recuperación de axudas de Estado reguladas no título VII desta Lei.*

*e) As resultantes da execución de resolucións firmes total ou parcialmente desestimatorias dictadas nun recurso ou reclamación económico-administrativa ou nun recurso contencioso-administrativo que previamente sexan obxecto de suspensión durante a tramitación de devanditos recursos ou reclamacións.*

*f) As derivadas de tributos que deban ser legalmente repercutidos salvo que se xustifique debidamente que as cotas repercutidas non foron efectivamente pagas.*

*g) As correspondentes a obrigacións tributarias que deba cumprir o obrigado a realizar pagos fraccionados do Imposto sobre Sociedades.*

*As solicitudes de adiamento ou fraccionamento a que se refiren os distintos párrafos deste apartado serán obxecto de inadmisión.»*

Principalmente, a norma modifica a regulación básica de adiamentos e fraccionamentos, facendo aínda máis difícil a solicitude e consecución dun certo financiamento do pago dos tributos. Neste sentido, a Administración demostra unha vez máis a súa desconexión coa realidade pois esta flexibilidade de pago permitiu a moitas persoas físicas e xurídicas que sigan cumprindo e atendendo as súas obrigacións fiscais aínda que estean atravesando dificultades financeiras ou algunha tensión de liquidez. O total de adiamentos concedidos desde 2011 suma máis de 30.800 millóns de euros, e dese importe case un 70% beneficiou a pemes e autónomos

O ministro de Facenda, Cristóbal Montoro, defendeu o endurecemento dos adiamentos co argumento de que "non ten sentido económico que, tendo a facilidade de crédito, as empresas finánciense coa Facenda de todos". En calquera caso, as empresas que obteñen unha moratoria fiscal deben pagar á Administración un interese do 3,75% ou do 3% si presentou un aval. O custo financeiro fíxase nos Orzamentos Xerais do Estado e os niveis actuais son os máis baixos desde 1973. A lexislación vixente permite prorrogar o pago de impostos sen necesidade de presentar aval cun límite de 30.000 euros. Ata outubro de 2015, o limiar estaba fixado en 18.000 euros e foi incrementado polo mesmo departamento que agora defende restrinxir os adiamentos.

O que se pretende e que as empresas que por falta de liquidez precisaban adiar e fraccionar as liquidacións tributarias que non acudan a Axencia Tributaria e acudan as entidades de crédito, argumentando as facilidades de crédito existentes no mercado financeiro. O que non se explica e que o tipo de interese practicado polas entidades de crédito e publicado polo Banco de España, é do 9,17% no estado para



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

as operación a curto prazo e Consumo, segundo os últimos datos feitos públicos do mes de Xullo de 2016, polo que os contribuíntes que antes adiababan e fraccionaban as liquidacións tributarias cun tipo de interese do 3,75% a través da axencia tributaria, van a pasar a ter que soportar un tipo de interese das entidades privadas tres veces superior.

Mostrarse inflexible ante un empregador ou pagador de rendas en situación de iliquidez ou de crise real o único que servirá é que opte por solucións desesperadas e, en moitas ocasións, recorra ao incumplimento básico da norma para evitar que as actuacións e procedementos executivos da Administración tributaria acabe con calquera posibilidade de recuperación.

Xa para rematar, segundo o último informe presentado pola Federación Nacional de Asociacións de Traballadores Autónomos, 6 comunidades rompen a tendencia dos últimos anos e perden autónomos, Galiza perdeu 1.525 Traballadores Autónomos, segundo a Evolución de Afiliación Interanual, Novembro 2015 - Novembro 2016, sendo a segunda comunidade autónoma que máis autónomos perdeu despois de Castela León, e rompendo a tendencia positiva dos dous últimos anos, nos que a variación interanual no 2014-2015 logrouse sumar 54 traballadores autónomos e na variación de 2013-2014 que foi dun incremento de 3.131 autónomos. Polo que o apoio dende as institucións a figura dos autónomos e das pequenas empresas ten que ser inmediato e moi preciso nestes momentos como auténticos xeradores de emprego.

Segundo o Informe elaborado polo Ministerio de Industria, retrato das Peme 2015, durante 2014, a PEME española mantén unha particular importancia na súa contribución á xeración de emprego empresarial, ocupando ao 66% do total de traballadores. En particular, as empresas de menor dimensión son as que empregan un maior número de traballadores no tramo das PEME. As microempresas e as pequenas empresas, representan respectivamente o 32,6% e o 18,6% do emprego total do estado. Pola contra segundo os datos recentemente publicados pola Axencia Tributaria do novo sistema de xestión do IVE baseado no Subministración Inmediato de Información, no que están incluídos obrigatoriamente as Grandes Empresas vai supoñer a aplicación deste novo sistema para "uns 63.000 contribuíntes que representan aproximadamente o 80 por 100 do total da facturación empresarial do estado", o que nos deixa un total de 3.114.361 empresas no que o 80 por 100 do total da facturación empresarial depende so de 63.000, ou o que é o mesmo, que o 20% da facturación do estado supón 8.770.003 postos de traballo mentres que o 80% da facturación estatal en mans das grandes empresas so ocupa a 4.514.676 traballadores.

A vista destes datos, queda de manifesto que o mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade e á consolidación das finanzas públicas pasa por unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, e non modificar a regulación básica de adiantamentos e fraccionamentos, facendo aínda máis difícil a solicitude e consecución dun certo financiamento do pago dos tributos aos segmentos máis vulnerábeis do tecido empresarial nun momento que atravesan serias dificultades económicas.

Por iso, o Goberno Municipal do Concello de Cambados, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

#### ACORDO

1. Que o Concello de Cambados manteña os descontos e exencións fiscais nas taxas e impostos locais para as e os autónomos e empresas que xeren emprego estábel no municipio.
2. Que o Concello manteña a cooperación coa Asociación de Comerciantes Zona Centro e o pequeno comercio a través da promoción do comercio local e da Mesa de Comercio Local.

Instar á Xunta de Galiza a

3. Demandar do Goberno do Estado que elimine o artigo 6 do Real Decreto-Lei 3/2016 e se permita adiar e fraccionar a liquidación dos tributos como se viña realizando ata o de agora.
4. Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas lexislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, impulsar medidas que favorezan ao autónomo, especialmente que permitan a súa consolidación, a do seu negocio e a da actividade empresarial en xeral.”.

#### **3º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

O Pleno dase por enterado.

*Pregunta a Sra. Alcaldesa se algún grupo municipal desexa someter por motivos de urxencia algún asunto que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas. Non se presentan.*

#### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulan

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinteunha horas e trece minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº. e Prace  
A ALCALDESA

